

QUE PODO INCLUIR NO CAMPUS VIRTUAL?

RESPECTA OS DEREITOS DE AUTOR

PÓDESE ...

Non se require autorización

Reproducir
Distribuir
Transformar
Comunicar



LIBROS

- Un capítulo dun libro ou ata o 10% do seu contido.
- Libro completo que estea en dominio público.
- Libro completo en acceso aberto ou licenza copyleft, por exemplo, Creative Commons.

REVISTAS e BASES DE DATOS

- Artigo de revista en papel. Artigo de revista electrónica subscrita pola USC sempre que a licenza o permita.
- Artigos en dominio público: en acceso aberto ou con licenza copyleft, p.x. Creative Commons.
- Os contidos das **BD xurídicas comerciais** (Aranzadi, Tirant, La Ley) están protexidos por dereitos de autor. O seu uso no Campus Virtual estará suxeito ao artigo 32.4 da LPI e ao [acordo subscrito entre CRUE e CEDRO-VEGAP](#).


IMAXES, AUDIOS e VÍDEOS (respectando a LOPD)

- Imaxes, audios e vídeos que estean en dominio público ou teñan licenza copyleft.
- Fotos realizadas polo usuario na vía pública, sempre que fosen tomadas con permiso ou non se recoñeza ás persoas figurantes.
- É aconsellable, no caso de audios ou vídeos engadir o enlace en Internet.

OUTRO TIPO DE CONTIDO

- O contido dos xornais oficiais como o DOCE, BOE, Boletíns oficiais das Comunidades Autónomas, etc.
- Disposicións legais e regulamentarias, resolucións dos órganos xurisdiccionais, actos, acordos, deliberacións e ditames de organismos públicos e traducións oficiais de calquera deles.

Aconsellamos a lectura do **PROTOCOLO DE USO DO CAMPUS VIRTUAL** (punto 8)



Para dúbidas:
[consulta á biblioteca](#)

NON SE PODE ...

Requírese autorización

Reproducir
Distribuir
Transformar
Comunicar



LIBROS

- Libros completos.
- Partituras musicais.
- Manuais universitarios.
- Libros dun só uso (cadernos de exercicios, etc.).
- Compilacións ou agrupacións de fragmentos de obras.
- Máis do 10% do contido dun libro.
- Non máis dun capítulo do libro.

REVISTAS

- Revistas completas
- Colgar directamente artigos en pdf procedentes das plataformas editoriais de revistas ou libros electrónicos (agás no caso de que a universidade teña subscrita unha licenza que si o permita).

IMAXES, AUDIOS VÍDEOS

- Compilacións de obras de carácter plástico.
- Compilacións de fotografías.
- Nestes casos, sempre é mellor enlazar ao documento.

OUTRO TIPO DE CONTIDO

- Para materiais dispoñibles en Internet SEN licenza Creative Commons, poñerémonos en contacto co responsable da páxina, blog, etc. e pedirlle permiso, informándolle do uso que lle queremos dar.

Segue lendo



ACORDO CRUE E CEDRO-VEGAP


crue
Universidades
Españolas


CEDRO
CENTRO ESPAÑOL DE DERECHOS REPROGRÁFICOS


V
e
G
a
P



CONDICIÓN



- Fins educativos e de investigación científica.
- Límites:** capítulo dun libro, artigo de revista ou a extensión correspondente ao 10% do total da obra.
- Realizado polo persoal do centro de investigación/universidade cos medios propios.
- Que se produza polo menos 1 das seguintes condicións:

➤ Distribución das copias parciais: exclusivamente entre o alumnado e PDI.

➤ Só o alumnado ou o PDI deben ter acceso a través dos actos de comunicación pública autorizados (redes internas e pechadas da universidade ou nun programa de educación a distancia ofertado por esta).



A reprodución, distribución e comunicación pública das obras deberá realizarse con absoluto respecto ao dereito moral dos autores.

Segue lendo



Cita sempre, evita o plaxio!


USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA

PDI - AUTORIZACIÓN PARA REPRODUCIR OBRAS




PASOS

para solicitar
autorización



CAMPUS VIRTUAL
campusvirtual@usc.gal



LICENZA



PROCESO A SEGUIR



- ✓ Calquera profesor/a que desexe difundir en formato dixital unha obra protexida deberá **comunicalo ao CAMPUS VIRTUAL: campusvirtual@usc.gal**
- ✓ O CAMPUS VIRTUAL, comproba que a USC non ten os dereitos da obra e **solicita a CEDRO a correspondente LICENZA**
- ✓ En 10 días CEDRO deberá manifestarse e indicar o custo da LICENZA.
- ✓ Recibida a folla de pedido **expedirase a LICENZA** remitindo a correspondente **factura**.



A reprodución, distribución e comunicación pública das obras deberá realizarse con absoluto respecto ao dereito moral dos autores.



Cita sempre, evita o plaxio!